

# Adaptación DA PROGRAMACION Didáctica. cURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

**CENTRO:** CEIP Muimenta  
**CURSO:** 4º EP  
**MATERIA:** CIENCIAS SOCIAIS  
**DEPARTAMENTO:**  
**DATA:** 12/05/20

Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.
5. Rúbrica para avaliar as actividades do 3º trimestre

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3ª avaliación CCSS 4º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1.1</b>	<b>B1.1.1.</b> Recompila, organiza e analiza información relevante sobre o tema para completar os seus traballos, responder cuestións e expor dita información oralmente e/ou por escrito.
<b>B1.1</b>	<b>B1.1.1.</b> Busca e selecciona datos e información relevantes sobre o tema, facendo uso de Internet para completar as súas tarefas.
<b>B1.1</b>	<b>B1.1.3.</b> Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
<b>B1.2</b>	<b>B1.2.1.</b> Realiza traballos de forma individual ou cooperativa, achegando información de diversas fontes, seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. Expón o proxecto e os resultados de forma oral e/ou escrita e faino de maneira clara, ordenada e precisa.
<b>B1.2</b>	<b>B1.2.2.</b> Traballa cos seus compañeiros de forma cooperativa, e valora e respecta as achegas de todos os seus integrantes.
<b>B1.3</b>	<b>B1.3.1.</b> Emprega con precisión o vocabulario correspondente a cada unidade, tanto nas súas exposicións orais como nos seus traballos escritos.
<b>B1.3</b>	<b>B1.3.2.</b> Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.
<b>B1.3</b>	<b>B1.3.3.</b> Busca e selecciona datos e información relevantes sobre o tema, a partir de imaxes, táboas, gráficos e esquemas, resumos para completar as súas tarefas.
<b>B3.3</b>	<b>B3.3.1.</b> Recoñece a organización territorial e política de España (órganos de goberno, Comunidades e Cidades Autónomas, provincias, estatutos de autonomía).
<b>B3.5</b>	<b>B3.5.1.</b> Explica algúns dos principais conceptos demográficos (natalidade, mortalidade, esperanza de vida...).
<b>B4.1</b>	<b>B4.1.1.</b> Identifica as idades da historia, as súas datas e os feitos máis representativos de cada etapa.
<b>B4.1</b>	<b>B4.1.2.</b> Valora a importancia dos descubrimentos que supoñen importantes cambios na evolución da humanidade.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2- Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Corrección das tarefas propostas( visualización de vídeo/audios/exercicios/redaccións, manualidades)</li> <li>-Seguimento da participación do alumnado en todas as actividades propostas(intervencións nos foros, consulta de dudas)</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Plataformas:Aula Virtual : rexistro de presentación de tarefas das propias plataformas)</li> <li>-Correo electrónico.</li> <li>-Folla de rexistro :Na que se recollerá se o alumno realizou as actividades propostas e se as volveu entregar tendo en conta as correccións,cando a mestra así llo pediu.</li> <li>-RÚBRICA 3ª AVALIACIÓN ( ( Está anexada como punto 5 a esta documento)- Con esta rúbrica calcularemos a nota da 3ª avaliación.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>--Calcularase a media aritmética entre a 1ª e a 2ª avaliación. <b>O peso desta nota, na cualificación final, será dun 90%.</b></p> <p><b>- O traballo realizado no terceiro trimestre, no que se terá en conta: a entrega de tarefas, a revisión desas tarefas seguindo as indicacións da mestra, a presenza do alumnado nas actividades comunicativas abertas pola mestra: foros, conversas; a consulta de dúbidas (Achégase Rúbrica 3ª avaliación anexada como punto 5 a este documento), será valorado de 1-10.</b></p> <p><b>O peso desta nota na cualificación final será dun 10%</b></p> <p><b>* En ningún caso a cualificación final será menor á nota da segunda avaliación.</b></p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Amosar comprensión de textos orais e escritos sinxelos relacionados coa temática tratada a través da realización das actividades de comprensión propostas.</p> <p>Crear textos orais e escritos sinxelos sobre os temas traballados.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presenta todas as actividades de recuperación propostas seguindo as instrucións da mestra.</li> </ul>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>O alumnado con materia pendente deberá realizar todas as tarefas de recuperación propostas pola mestra e envialas para a súa corrección. Se as tarefas están ben realizadas darase por superada a materia. Se non o estivesen revisarse co alumno as dúbidas e pedirase que as faga de novo ata acadar o grado de consecución marcado polos criterios de avaliación establecidos neste documento.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Folla de rexistro de tarefas e grao de consecución.</li> </ul>

### 3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Proporanse distintas actividades: Visualización de vídeos, escoita de audios, explicacións en vídeo por parte da mestra e realización de exercicios e participacións nos foros ou conversas propostas.</p> <p>As actividades propostas realizaranse a través da AULA VIRTUAL ou correo electrónico cando fose necesario.</p> <p>Utilizarase o servizo de mensaxería que ofrece a plataformas para resolver as dúbidas do alumnado e atenderanse as distintas problemáticas a través do correo electrónico.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><u>Se algúnha alumna ou alumno tivese problema de conectividade facilitaráselle a impresión das actividades no centro educativo e no Concello e entregaráselle na súa casa. (Así está publicitado na páxina web do Centro.)</u></p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><u>Materiais elaborados pola mestra, recursos de internet e libros dixitais ofrecidos en E-dixgal.</u></p>

### 4-Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Publicitarase na páxina web do centro e enviarase un correo informativo as familias a través de Abalar.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

### 5- Rúbrica para avaliar as actividades do 3º trimestre

Alumnado	10 puntos	7.5 puntos	5 puntos	2,5 puntos	0 puntos
<b>Nome</b>	Entrega todas as actividades realizadas ben.	Entrega todas as actividades e case todas están ben realizadas.	Entrega a maioría das actividades e corrixe seguindo as instrucións da mestra.	Entrega as actividades mal realizadas e non as corrixe.	Non entrega as actividades.